

FASE 1 NO TEU COLEXIO

A ver, rapaz/a:

Como queremos que traballes menos que o xastre de Tarzán, a participación neste reto poñémola sinxela:

1. **busca** coa túa familia un **chiste en galego** (tes algunha idea no dorso desta follá);
2. **memorízao** ben e **ensaia** diante dun espello;
3. e despois **grávate** contándoo (que ninguén che diga o contrario: ti tes graza e punto!).

Logo, pídelo a alguén da túa familia que saiba un mínimo de tecnoloxía que **envíe o vídeo** a este correo **antes do luns, 6 de febreiro de 2023**:

ramonparis@edu.xunta.gal

O vídeo **non pode durar máis dun minuto**. Non te veñas arriba!

Un prestixioso xurado composto polos membros do equipo de galego do teu colexio (o EDLG) terá a dura tarefa (?) de elixir os máis simpáticos. Haberá **tres finalistas por centro** en cada unha das catro categorías:

1. Educación Infantil.
2. 1º e 2º de Educación Primaria.
3. 3º e 4º de Educación Primaria.
4. 5º e 6º de Educación Primaria.



FASE 2 INTERCENTROS

Os **vídeos finalistas de cada colexio** publicaranse nas súas plataformas na internet para poderen ser visualizados polos demais.

Despois, en cada centro, **cada unha das clases** verá os 6 vídeos finalistas no seu ciclo nos outros colexios e daranlle 12 puntos ao vídeo que máis lles guste, con 6 o seguinte e con 3 o seguinte. Cada aula escollerá o sistema de elección que desexe. O importante é que extraian tres vídeos con esas puntuacións.

A comisión organizadora formada polas coordinacións dos EDLG dos centros participantes sumará todas as puntuacións e determinará o primeiro, segundo e terceiro premio de cada categoría segundo as puntuacións obtidas.

Os **chistes gañadores intercentros** publicaranse nas plataformas dixitais dos colexios.

Se non se vos ocorre chiste ningún, aquí vos van algúns exemplos:

Un señor dille ao camareiro nun bar:

—Oia, camareiro! Tróuxome un mosquito "no viño"!

E o camareiro respondeulle:

—Perdoe señor, pero é que hoxe non lle temos mosquitos "ve-lliños"!

#####

Dous tomates dentro da neveira. Un dille ao outro:

—Pois si que vai frío aquí dentro, non si?

E contesta o outro tomate:

—Aaaaah! Un tomate que fala!

#####

Era un home tan lento... tan lento... tan lento... que correu nunha carreira el só e quedou o segundo.

#####

Era unha muller tan tan, tan, tan... pero tan, tan, tan... que lle chamaban campá.

#####

—Papá, papá, picoume unha serpe.

—Cobra, filla?

—Non, papá, gratis.

#####

—Mamá, mamá! No colexio chámanme interesado.

—Pero por que, fillo?

—Se me das 10 euros, dígocho!